

REDONDELA

A N U N C I O

De conformidade co disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada, entre outras, pola Lei 4/1999, intentada a notificación persoal, no lugar indicado como domicilio, sen que fora posible practicala, feito do que obra constancia no expediente, cítase aos interesados, que a continuación se relacionan, para ser notificados por comparecencia, téndose que efectuar perante o Concello de Redondela, negociado de Urbanimos (horario de luns a venres de 9:00 a 14:00) no prazo de 10 días contados dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra e transcorrido o indicado prazo a notificación entenderase producida

Titular: Cristobal Maestú Lusquiños.

Asunto: Escrito da alcaldía de data 18-11-11, rexistrado de saída baixo o número 10108.

Redondela, 5 de xaneiro de 2012. —O alcalde, Javier Bas Corugeira.

2012000429

* * *

VILAGARCÍA DE AROUSA

E D I C T O

O Pleno do Concello de Vilagarcía, na sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de decembro de dous mil once, acordou aprobar con carácter inicial a modificación da Ordenanza Reguladora da actividade de ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras.

De conformidade co disposto no artigo 56 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, exponse ao público polo prazo de trinta días, contados a partir do seguinte ao da súa publicación, este anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante este prazo os interesados poidan examinar o expediente nas oficinas da Casa do Concello e presentar contra o mesmo as reclamacións que estimen oportunas.

No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, segundo o disposto no artigo 49 apartado c) da Lei 7/1985.

Vilagarcía de Arousa, 09 de xaneiro de 2012. —O Alcalde-Presidente, Tomás Javier Fole Díaz.

2012000305

A N U N C I O

O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa, en sesión celebrada o día trinta e un de outubro de dous mil once, acordou aprobar con carácter inicial a Modificación dos Estatutos do Organismo Autónomo: Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais.

De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, estivo exposta ao público polo prazo de trinta días, contados a partir do seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia nº 222, de data 18 de novembro de 2011.

No período de exposición ó público presentouse unha alegación polo Grupo Municipal Socialista do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Na sesión plenaria extraordinaria celebrada o día 29 de decembro de 2011 foi desestimada a citada alegación, aprobándose definitivamente a Modificación dos Estatutos do Organismo Autónomo:

Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, polo que se fai público o texto dos devanditos Estatutos, do teor literal seguinte:

**ESTATUTOS DO ORGANISMO AUTÓNOMO LOCAL DE DEPORTES: FUNDACIÓN PÚBLICA
DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA.**

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1: DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS:

O Concello de Vilagarcía, para unha mellor xestión das actividades e instalacións deportivas, ó amparo das atribucións conferidas pola Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora de bases de réxime local conta cun organismo autónomo local denominado “Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais (Fundación de Deportes)”, dotado de personalidade xurídica propia, plena capacidade de obrar, patrimonio especial e autonomía de xestión para o cumprimento dos seus fins e dentro das competencias respectivas dos seus órganos tal e como nestes novos Estatutos se dispoña.

ARTIGO 2: NATUREZA XURÍDICA:

A Fundación de Deportes de Vilagarcía é un organismo autónomo local ao amparo do disposto nos artigos 85 a 88 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955, e no artigo 85 bis da Lei 7/1985 reguladora das Bases de Réximes Local, modificada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, de medidas para a modernización do Goberno Local.

ARTIGO 3: RÉXIME XURÍDICO:

A Fundación de Deportes como organismo autónomo local rexerese polo disposto nos presentes Estatutos, pola normativa aplicable ás Entidades Locais nos termos da lexislación básica estatal e a normativa autonómica de desenvolvemento en materia de réxime local. En concreto pola Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora de bases de réxime local; pola Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado; polo Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado por real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo; a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e demais normativa concordante de aplicación.

Como organismo autónomo de deportes e de conformidade có establecido no artigo 45.1 da Lei 6/1997 de 14 de abril, se rexe polo Dereito Administrativo, executando as competencias municipais en materia de deportes en réxime de descentralización funcional. E correspóndenlle as potestades administrativas precisas para o cumprimento dos seus fins, sen prexuízo das competencias que correspondan en materia de réxime económico e presupostario, recursos humanos e control de eficacia e eficiencia ás áreas de Economía, Facenda, e Persoal.

ARTIGO 4: DURACIÓN

A duración do organismo autónomo local será indefinida. Sen prexuízo do disposto nos presentes estatutos respecto da súa disolución.

ARTIGO 5: DOMICILIO

A Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa terá a súa sede na Praza Ravella, nº1, 36.600 Vilagarcía de Arousa.

ARTIGO 6: POTESTADES

No eido das súas competencias e para o exercicio das mesmas, a Fundación de Deportes ostentará as seguintes potestades:

1. Potestade de autoorganización, sen perxuízo das competencias que correspondan a Alcaldía, Xunta de Goberno Local e ao Pleno do Concello de conformidade cós presentes Estatutos e normativa concordante.

2. Potestade de programación e planificación das actividades que lle sexan propias.

3. Presunción de lexitimidade e executividade dos seus actos.

4. Potestade de revisión de oficio de actos e acordos.

5. Inembargabilidade dos seus bens e dereitos nos mesmos termos previstos nas leis que sexan de aplicación as Entidades Locais.

ARTIGO 7: FINS E COMPETENCIAS

A Fundación de Deportes ten como fins e competencias esenciais as seguintes:

1. Fomento, promoción, programación, planificación e desenvolvemento da actividade física e práctica deportiva no Concello de Vilagarcía.

2. A xestión da plena utilización dos bens e instalacións de propiedade municipal adscritas ou de titularidade da Fundación de Deportes.

3. A utilización, conservación, reparación e administración de todas as instalacións deportivas municipais que se adscriban ou sexan de titularidade do organismo autónomo local.

4. A proposta de creación de novas instalacións deportivas.

5. A xestión, utilización, conservación, reparación e administración das instalacións deportivas do Concello.

6. A organización ou coordinación da celebración de toda clase de exhibicións e competicións, de todos os deportes nas súas diversas modalidades, cuxa finalidade sexa sempre de interese público.

7. O estudo detallado de todas as diferentes modalidades deportivas practicadas ou demandadas na localidade, co fin de dar un tratamento adecuado a cada unha delas.

8. A promoción exterior do Concello de Vilagarcía a través do deporte.

9. Fomentar e promover o asociacionismo deportivo no eido do Concello. Especialmente mediante apoio técnico deportivo.

10. Colaborar coas entidades deportivas autonómicas, locais, estatais ou internacionais.

11. Colaborar con entidades públicas e privadas para o cumprimento das finalidades previstas na Lei 10/1990, de 15 de outubro, do Deporte, modificada por Lei 19/2007, de 11 de xullo; asemade segundo previsto na Lei 11/1997, de 22 agosto, Xeral do Deporte de Galicia.

12. Planificar e organizar a estrutura local administrativa e técnica en materia deportiva.

13. Calesqueira outras que lle sexan atribuídas ou delegadas de conformidade có ordenamento xurídico.

ARTIGO 8: FACULTADES

Os órganos de goberno da Fundación de Deportes, sempre con pleno respecto á normativa aplicable, e cando proceda co acordo do Pleno do Concello, da Xunta de Goberno Local ou da Alcaldía-Presidencia segundo corresponda, están facultados para realizar todos os actos encamiñados ó cumprimento dos fins sinalados e en particular para:

1. Colaborar na elaboración e actualización do inventario de instalacións deportivas.

2. Elaborar e executar os plans locais de instalacións deportivas.

3. Coordinar a utilización das instalacións deportivas, así coma tamén os programas de actividades deportivas no municipio.

4. Organizar todos os servizos do organismo autónomo local.

5. Solicitar subvencións, aceptar doazóns e calquera tipo de axuda do Estado, da Administración Autonómica, e calquera corporación pública e privada de calquera ámbito, ou particulares.

6. A xestión do uso doutras instalacións públicas ou privadas para o cumprimento dos fins da Fundación de Deportes, formalizando no seu caso convenios con outras entidades ou institucións.

7. Aprobar a proposta de orzamentos do organismo autónomo local, proposta de liquidación e proposta de estados e contas xerais.

8. Aprobar a proposta para a planificación dos RRHH. As propostas de: contratación ou nomeamento de persoal técnico ou administrativo, de adscrición de persoal e, modificación de Plantilla.

9. Realizar toda clase de contratos ou convenios de calquera natureza relacionados cós seus fins. Neste caso axustará a súa actuación en materia contractual a Lei 30/2007 de 30 de outubro de contratos do sector público nos termos previstos nela e demais normativa que lle sexa de aplicación.

10. Promover, opoñerse, continuar e desistir dos procedementos que fosen oportunos, exercer libremente toda clase de dereitos e accións ante os xulgados e tribunais de xustiza, así como ante os organismos das administracións públicas, corporacións, entidades ou persoas xurídicas ou físicas.

CAPÍTULO II: ORGANOS DE GOBERNO E ADMINISTRACIÓN.

ARTIGO 9: ÓRGANOS SUPERIORES DE GOBERNO E ADMINISTRACIÓN

Os órganos superiores de goberno, administración e xestión do organismo autónomo local Fundación de Deportes os seguintes:

1. Consello Reitor
2. Presidente
3. Director Deportivo

Os órganos de goberno do organismo autónomo local axustarán as súas actuacións ás normas contidas nos presentes Estatutos e, no non previsto nos mesmos, serán de aplicación as disposicións sobre funcionamento da Xunta de Goberno Local para o Consello Reitor, as do Alcalde para o seu Presidente e as do Tenente de Alcalde para o seu vicepresidente, previstas na Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local e demais normativa concordante ou supletoria de aplicación.

ARTIGO 10: CONSELLO REITOR. COMPOSICIÓN

O Consello Reitor é o órgano máximo de goberno da Fundación de Deportes e estará composto por:

O Presidente, que será o Concelleiro delegado que teña atribuídas as competencias sectoriais en materia de deportes.

O Vicepresidente, que será designado polo Consello Reitor de entre os seus membros que teñan a condición de Concelleiro. Sustituira ao presidente por vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal.

Concelleiros con voz e voto, ata un máximo de quince.

- Dos que oito serán designados polo Pleno do Concello a proposta dos distintos grupos políticos que compoñen a Corporación Municipal, e na mesma proporción que ostenten ditos grupos políticos no Pleno do Concello de Vilagarcía (dentro dos que se inclúen o presidente e vicepresidente). En todo caso haberá un membro por cada grupo político con representación no Concello de Vilagarcía (que poderán ser ou non membros da Corporación).
- Dos que dous serán designados polo Alcalde-Presidente entre persoas relacionadas coas actividades propias do organismo autónomo local.
- Cinco representantes elixidos polo Consello Consultivo do Deporte, dos cales catro teñen que ser elixidos entre os Clubes/Entidades Deportivas.

Asistirán as sesións do Consello Reitor con voz pero sen voto, para o exercicio das súas funcións:

1. O Director Deportivo
2. O/a Secretario/a do Concello de Vilagarcía ou empregado público delegado.
3. O/a Interventora do Concello de Vilagarcía ou empregado público delegado.

O Consello reitor renovárase dentro dos tres meses seguintes á renovación da Corporación Municipal. Os conselleiros cesarán automaticamente e perderán a súa condición nos seguintes supostos:

1. Cesamento acordado polo órgano que os nomeou.
2. Pola perda da condición que determinou o seu nomeamento.
3. Por renuncia.
4. Por ausencia inxustificada á sesión constitutiva, a tres sesións consecutivas ou a seis sesións non consecutivas.
5. Pola concorrencia de calquera causa prevista no ordenamento xurídico que determine este efecto.

ARTIGO 11: COMPETENCIAS DO CONSELLO REITOR

Son competencias do Consello Reitor:

1. A aprobación da planificación, programación e coordinación anual de actividades.
2. A aprobación do proxecto de Presupostos anuais e da Conta Xeral do mesmo.
3. Coñecemento e información sobre os estudos e informes e o control interno sobre as actividades e servizos realizados.
4. A proposta sobre plantilla de persoal, relación de postos de traballo e oferta de emprego para súa aprobación polo Concello, nos termos fixados pola lexislación vixente.
5. A formulación de propostas relativas á realización de grandes eventos extraordinarios que por dito carácter non foran tido programados con antelación, para súa elevación ao órgano competente do Concello.
6. A resolución das reclamacións previas á vía xudicial, civil e laboral nos termos previstos na Lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común cando os actos impugnados teñan sido ditados polo Consello Reitor.
7. Aprobar a formalización de convenios e contratos de obras, bens, servizos, suministros, consultoría e asistencia, de xestión de servizos públicos, ...etc, cando o seu importe supere o 5% dos recursos ordinarios do orzamento da Fundación de Deportes, e en todo caso cando supere os seis millóns de euros.
8. A proposta ao Concello da concertación de toda clase de operacións financeiras ou de crédito.
9. A proposta de enaxenación ou calquera outro acto de disposición de bens inmobles, incluíndo a cesión gratuíta a outras administracións Públicas ou Institucións privadas de interese público sen ánimo de lucro.
10. A Proposta ao Concello das modificacións presupostarias por créditos extraordinarios, por suplementos de crédito, transferencias de crédito nos supostos previstos no artigo 40.3 do RD 500/1990 e as baixas por anulación reguladas no artigo 49 e seguintes do citado RD.
11. A aprobación de gastos de carácter plurianual cando excedan do número de exercicios e dos porcentaxes e límites que se establecen no artigo 174 do TRLRFL, e na disposición adicional segunda da Lei 30/2007 (LCSP).
12. Interpoñer toda clase de reclamacións e accións perante as autoridades administrativas e xudiciais dentro do eido da súa actuación.
13. Aprobar o Regulamento de Réxime Interior de uso das instalacións deportivas municipais.
14. Sancionar as faltas cometidas polos usuarios das instalacións que teñan a consideración de moi graves.

15. Aprobar a Memoria de actividades e xestión realizadas durante o ano deportivo, remitíndoa para súa ratificación polo Pleno do Concello.

ARTIGO 12: CONSELLO REITOR: FUNCIONAMENTO

O Consello Reitor da Fundación de Deportes celebrará sesión ordinaria unha vez ao trimestre e extraordinariamente cando así o acorde o seu Presidente/a ou o solicite un terzo dos compoñentes do Consello Reitor (que deberá celebrarse nun prazo máximo de sete días hábiles á solicitude).

En todo caso o Consello reitor reunirse para aprobar a proposta de orzamento e os programas de actuación para o exercicio seguinte no último trimestre do ano.

A convocatoria, xunto coa orden do día, entregarse aos membros do Concello Reitor con dous días hábiles de antelación, como mínimo, salvo supostos de urxencia debidamente motivados.

Para a válida constitución e celebración de sesións do Consello Reitor se require a asistencia da metade máis un dos membros. En segunda convocatoria, que terá lugar media hora despois da sinalada para a primeira celebrarse sesión sempre que asista unha terceira parte dos seus membros en número non inferior a tres. É sempre necesaria a presenza do Presidente/a e do secretario/a ou empregado público que legalmente o substitúa.

Ás sesións do Consello Reitor poderán asistir os técnicos, directivos, ou calquera persoa que o Presidente estime oportuna a súa participación para informar sobre asuntos sometidos ao debate na sesión.

Os acordos adoptaranse por maioría simple dos membros presentes. Nos casos de votacións con resultado de empate, decidirse co voto de calidade do Presidente/a.

ARTIGO 13: O PRESIDENTE. CONDICIÓN E COMPETENCIAS

O organismo autónomo local será presidido polo Concelleiro delegado que teña atribuídas as competencias sectoriais en materia de deportes.

Corresponden ao Presidente da Fundación de Deportes as seguintes atribucións:

1. Ostentar a máxima representación legal da Fundación de Deportes e de seus órganos de goberno.
2. Convocar, presidir e dirixir as sesións do Consello Reitor, podendo dirimir os empates con voto de calidade.
3. A proposta de nomeamento e cese do Director Deportivo do Organismo Autónomo nos termos previstos nos presentes Estatutos e normativa concordante.
4. A ordenación de pagos segundo se regula no artigo 186 do TRLRFL.
5. Desempeñar a xefatura directa do persoal adscrito ao organismo autónomo, sen perxuízo da xefatura superior de persoal que corresponde á Alcaldía-Presidencia en todo caso.
6. Elevar a proposta de plantilla e necesidades de persoal interino ou temporal ao Consello Reitor.
7. A incoación de expedientes disciplinarios e dilixencias previas.
8. O exercicio da potestade sancionadora nos termos previstos na lexislación vixente.
9. A formalización de convenios e contratos de obra, bens, servizos, suministros, consultoría e asistencia técnica, de xestión de servizos públicos,...etc cando o seu importe non supere o 5% dos recursos ordinarios do orzamento da Fundación de Deportes, nin a cuantía de seis millóns de euros. Así como a aprobación de gastos plurianuais dentro dos límites do artigo 174 do TRLRFL e da disposición adicional segunda da Lei 30/2007 (LCSP), e decir, cando a súa duración non sexa superior a catro anos, e o importe acumulado de todas as anualidades non supere o 5% dos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a cuantía de seis millóns de euros.
10. O exercicio de accións administrativas e xudiciais.

11. A aprobación das modificacións orzamentarias que o Real Decreto 500/1990 atribúe ao Presidente da Entidade Local.

12. Todas aquelas que correspondan ao organismo autónomo e non estean especificamente atribuídas a outro órgano de goberno.

ARTIGO 14: O DIRECTOR DEPORTIVO. NOMEAMENTO E COMPETENCIAS.

O Director Deportivo é o titular do máximo órgano de dirección da Fundación de Deportes, deberá ser un/ha empregado/a público/a nos termos previstos no artigo 20 dos presentes Estatutos, ou un/ha profesional do sector privado, titulados/as superiores en ambos casos e con máis de cinco anos de experiencia de exercicio profesional no segundo.

O Director Deportivo será nomeado ou contratado pola Alcaldía-Presidencia a proposta do Presidente da Fundación de Deportes, segundo dito posto figure na Plantilla e anexo de postos de traballo do Concello de Vilagarcía, e adscrito ao organismo autónomo local.

Ao Director Deportivo lle corresponden as seguintes funcións:

1. Elaborar toda clase de estudos, informes, asesoramento e propostas de carácter superior.
2. A directa realización daquelas actividades, tarefas e funcións que lle sexan encomendadas polo Presidente da Fundación de Deportes.
3. Presentar os proxectos de actividades a desenrolar pola Fundación de Deportes.
4. A dirección inmediata da execución, coordinación e control do traballo desenrolado pola Fundación de Deportes.
5. A coordinación entre as actividades da Fundación de Deportes e dos restantes servizos e dependencias do Concello.
6. Formular propostas ao presidente e ao Consello Reitor.
7. Velar polo cumprimento dos acordos do Consello e das resolucións do Presidente.
8. O control e supervisión da conservación do patrimonio do organismo autónomo local.
9. A dirección, supervisión e coordinación do persoal que preste servizos nas diferentes instalacións nas que a Fundación de Deportes desenrole súas actividades. Sen prexuízo de que as tarefas e funcións propias da dirección inmediata de dito persoal poida ser asignada a un concreto posto de traballo dos adscritos a Fundación de Deportes, nos termos do artigo 20 dos presentes Estatutos.
10. A procura de fórmulas de comercialización e financiación dos eventos ou actividades do organismo autónomo local, así como o seguimento e control da súa materialización e custes dos servizos e actividades.
11. Representar ao organismo autónomo cando o Presidente/a lle delegue a representación.
12. Todas aquelas que lle delegue o Presidente/a e o Consello Reitor.

CAPÍTULO III: ÓRGANOS DE ASESORAMENTO E PARTICIPACIÓN

ARTIGO 15: O CONSELLO CONSULTIVO DO DEPORTE

Coa finalidade dunha adecuada participación social dos diferentes axentes sociais e da sociedade civil en xeral no desenvolvemento das actividades da Fundación de Deportes, crease o Consello Consultivo do Deporte, no que terán dereito a participar con un representante cada unha das entidades que desenrolando súa actividade no municipio, teñan a condición de:

1. Clubes/Entidades Deportivas inscritos no Rexistro de Clubes/Entidades Deportivas da Fundación de Deportes.
2. Asociacións de Veciños.
3. Asociacións de Nais-Pais de Alumnos.

4. Un profesor de Educación Física por cada centro educativo.

O Consello Consultivo organizarase nunha Asemblea Xeral da que formarán parte todos os membros, e poderán establecerse as Comisións Sectoriais ou Especiais que a Asemblea Xeral considere oportunas para o mellor funcionamento do Consello Consultivo.

En todo caso os acordos, informes, ou propostas das Comisións deberán ser sometidas e aprobadas na Asemblea Xeral con carácter previo á súa elevación ao órgano de goberno da Fundación de Deportes que corresponda.

O Consello Consultivo do Deporte aprobará seu regulamento de funcionamento interno no que se detallará o sistema de adopción de acordos, a convocatoria das xuntanzas, a dirección e celebración das mesmas, as actas, así coma calquera outro aspecto de organización interna que se considere preciso para o seu adecuado funcionamento interno.

ARTIGO 16: FUNCÍONS

Son funcións do Consello Consultivo o recibir información, elevar propostas e emitir informes que no seu caso lle sexan requiridos, sobre as actividades que constitúen os fins e competencias da Fundación de Deportes.

Asemade correspóndelle o nomeamento de cinco membros no Consello Reitor.

CAPÍTULO IV: PERSOAL DO ORGANISMO AUTÓNOMO LOCAL

ARTIGO 17: A SECRETARÍA

A secretaría da Fundación de Deportes será exercida polo/a titular da secretaría xeral do Concello de Vilagarcía, de conformidade co disposto na vixente Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora de bases de réxime local; Real Decreto 1174/1987 de 18 de setembro; e Decreto 49/2009 de 26 de febreiro; e demais normativa concordante.

ARTIGO 18: A INTERVENCIÓN

A intervención do organismo autónomo local correspóndelle ao titular da intervención xeral do Concello de Vilagarcía de conformidade co disposto na vixente Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora de bases de réxime local; no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; e Real Decreto 1174/1987 de 18 de setembro.

ARTIGO 19: DELEGACIÓN DAS FUNCÍONS DA SECRETARÍA E INTERVENCIÓN

O exercicio das funcións de secretaría e intervención poderase delegar xa sexa en todo ou en parte noutro/a empregado/a público do Concello de Vilagarcía, segundo a normativa de aplicación.

ARTIGO 20: DO RESTO DO PERSOAL DO ORGANISMO AUTÓNOMO LOCAL.

Os postos de traballo adscritos ao organismo autónomo local serán de persoal laboral, persoal eventual, indistinto funcionario/laboral, ou reservados a funcionarios dacordo ao que estableza a relación de postos de traballo/ anexo de postos de traballo do Concello de Vilagarcía.

O réxime xurídico de dito persoal rexerese polo disposto con carácter xeral para os empregados do Concello na Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora de bases de réxime local, a Lei 7/2007 de 12 de abril pola que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público, o Decreto 1/2008 do texto refundido da Lei de Función Pública de Galicia, e demais normativa concordante.

En aras da eficiencia e eficacia no aproveitamento dos RRHH do Concello, tamén poderán prestar servizos ao organismo autónomo e baixo a dirección orgánica temporal da Fundación de Deportes, outros empregados municipais para a realización de tarefas e funcións específicas propias do seu posto de traballo, subescala ou categoría profesional, aínda que o posto de traballo non estea adscrito ao organismo autónomo local permanentemente.

Asemade o persoal adscrito á Fundación de Deportes poderá ser requirido nos mesmos termos do parágrafo anterior para a realización de tarefas ou funcións noutros servizos municipais.

CAPÍTULO V: PATRIMONIO E RÉXIME ECONÓMICO

ARTIGO 21: PATRIMONIO

A Fundación de Deportes posuirá patrimonio especial para o cumprimento dos seus fins, nos que se incluírán todas e cada unha das instalacións deportivas de propiedade municipal. O réxime xurídico do patrimonio do organismo autónomo local réxese pola Lei 7/1985, de 2 de abril, o Regulamento de bens das entidades locais recollido no Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, a Lei 33/2003, de 3 de novembro de patrimonio das administracións públicas e demais normativa de aplicación.

O Excmo. Concello de Vilagarcía conserva con arreglo as leis e regulamentos da Administración Local e sen máis limitacións que as establecidas nos mesmos, a propiedade e plena disposición do solo dos edificios, das instalacións, dos seus accesorios, do utillaxe e de canto se lles incorpore ou agreguen de modo provisional ou definitivo, afectándose unicamente tales elementos co fin da súa administración especial dos ingresos destinados ó cumprimento dos seus fins do organismo autónomo local.

Ao final de cada exercicio deberá confeccionarse un inventario de todos os bens, dereitos, metálico e valores que integran o patrimonio do organismo autónomo local, con determinación da súa cuantía. O expresado inventario someterase á aprobación provisional do Consello Reitor e definitiva do Pleno do Concello de Vilagarcía.

ARTIGO 22: RÉXIME ECONÓMICO

A Fundación de Deportes terá como recursos para o cumprimento dos seus fins os seguintes:

1. A consignación que para este fin figure no presuposto municipal, de forma que se garanta a suficiente capacidade financeira ao organismo autónomo local para o cumprimento dos seus fins.
2. As subvencións que poida obter da Administración Estatal, Autonómica ou de calquera ente público ou privado, así coma das institucións provinciais e locais.
3. As aportacións e cuotas de calquera clase e tipo procedentes de entidades públicas ou privadas, clubs, federacións, así como toda clase de axudas de persoas físicas e xurídicas.
4. Os ingresos de todo tipo ou índole que poidan reporta-las súas actividades.
5. Os donativos ou legados que se otorguen ao seu favor.
6. Os ingresos e rendas de todas as clases, inclusive os producidos por colocación de elementos de publicidade nas instalacións, edificios e servizos da Fundación de Deportes.
7. Os dereitos percibidos pola difusión dos espectáculos, festivais ou competicións que se celebren nas instalacións e servizos do organismo autónomo local.
8. Os intereses de depósitos ou contas bancarias.
9. Calesquera outros recursos que ponderan atribuírse.

ARTIGO 23: RENDICIÓN DE CONTAS

Os ingresos e gastos da Fundación de Deportes serán intervídos e fiscalizados polo Interventor/a, e o Consello Reitor renderá anualmente contas que se someterán á aprobación do Pleno do Concello, de conformidade coa lexislación vixente de Réxime Local.

O organismo autónomo queda sometido ao réxime de contabilidade pública de conformidade co Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado por real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

*ARTIGO 24: FONDOS DISPONIBLES*

Os fondos disponibles situaranse en contas bancarias nas institucións que sexan designadas polo Consello Reitor, previo ditame da Intervención Municipal.

ARTIGO 25: APLICACIÓN DO RESULTADO E FONDO DE RESERVA

Os resultados líquidos de cada exercicio anual, unha vez cubertos os gastos e deducida a cantidade que debe destinarse á constitución do fondo de reserva, aplicarase integramente a conservar e mellorar as instalacións e servizos de que está dotada a Fundación. O Consello Reitor deberá constituír un fondo de reserva para facer fronte ó saldo deudor que nalgún exercicio puidese presentar a conta de perdas e ganancias.

CAPÍTULO VI: RECURSOS E TUTELA DO CONCELLO*ARTIGO 26: RECURSOS*

Os actos e acordos dos órganos de goberno do organismo autónomo dentro das súas competencias poñerán fin á vía administrativa nos termos que establece a disposición adicional decimo quinta da Lei 6/1997, de 14 de abril de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado, e en consecuencia, contra os mesmos poderán interpoñerse os recursos previstos na Lei 30/1992 de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

ARTIGO 27: TUTELA

O Concello de Vilagarcía, como fundador do organismo autónomo local Fundación de Deportes, resérvase ademais das atribucións resultantes dos presentes estatutos, as seguintes facultades:

1. Aprobar o orzamento anual do organismo e as modificacións orzamentarias.
2. Aprobar as contas xerais e a súa liquidación
3. Aprobar o cadro de persoal e a relación/anexo de postos de traballo
4. Aprobar as ordenanzas fiscais que regulen as taxas correspondentes dos servizos polo organismo e demais prestacións públicas. Aprobar os prezos públicos a percibir polo organismo.
5. Aprobar e modificar os estatutos.
6. Acordar directamente ou a proposta do Consello Reitor a disolución do organismo autónomo.
7. control financeiro, contable, e da actividade administrativa nos termos previstos na lexislación vixente.
8. A reserva do uso das instalacións deportivas adscritas para fins extraordinarios.
9. Calquera outro suposto previsto nestes estatutos, e explícita ou implicitamente pola normativa aplicable na materia.

CAPÍTULO VII: MODIFICACIÓN, DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN*ARTIGO 28: MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS*

A modificación ou derogación dos presentes Estatutos soamente poderá ser acordada polo Pleno do Concello de Vilagarcía segundo os mesmos trámites esixidos para súa aprobación, así coma en xeral as normas e disposicións que sexan de pertinente aplicación.

ARTIGO 29: DISOLUCIÓN DO ORGANISMO AUTÓNOMO LOCAL

O Organismo Autónomo local Fundación de Deportes poderá ser disolto nos seguintes casos:



Cando o considere convinte o Pleno do Concello mediante acordo razoado e con base nas facultades para aprobar as formas de xestión dos servizos que lle confire o artigo 123.1.k) da Lei 7/1985 de 2 de abril. O acordo poderá ser adoptado de oficio ou a proposta do Consello Reitor.

Por terse realizado o fin para o cal se constituíu ou por ser xa imposible aplicar a este fin os medios de que dispón, conforme ao establecido no artigo 39 do Código Civil.

Unha vez extinguido o organismo autónomo local revertirá ao Concello de Vilagarcia os bens, dereitos, accións, ou dotacións que se teñan constituído cós incrementos experimentados por beneficios derivados do servizo ou de achegas de terceiros non destinados a finalidades específicas. Pasando á plena dispoñibilidade do Concello de Vilagarcia.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os empregados do Concello de Vilagarcia actualmente adscritos á Fundación de Deportes quedan adscritos nas mesmas condicións xerais de tipo contractual e situación administrativa na que se encontraban, manténdose todos os dereitos de ditos empregados.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A aprobación dos presentes Estatutos suporá a derogación dos Estatutos do Organismo Autónomo Fundación de Deportes aprobados polo Pleno do Concello e publicados no Boletín Oficial de Pontevedra nº 21 do 1 de febreiro de 1994, como súa modificación publicada no mesmo boletín nº 138 de data 21 de xullo de 1998.

DISPOSICIÓN FINAL

Comunicación, publicación e entrada en vigor

De conformidade có disposto nos artigos 56.1, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora de bases de réxime local, a publicación e entrada en vigor dos Estatutos producirase na seguinte forma:

1. O acordo de aprobación definitiva do presente Estatuto se comunicará á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Transcorrido o prazo de 15 días dende a recepción da comunicación, o acordo e o Estatuto publicarase no Boletín Oficial de Pontevedra.

Os presentes Estatutos entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no citado Boletín Oficial.

Vilagarcía de Arousa, 10 de xaneiro de 2012.—O Alcalde, Tomás Javier Fole Díaz.

2012000306

E D I C T O

RESOLUCIÓN: Modificación de Resolución de Delegacións da Alcaldía

Tendo en conta que o 29 de decembro de 2011 tomou posesión o Concelleiro D. Angel Benito Pérez Dorgambide.

Sendo preciso reaxustar as delegacións conferidas no seu día vía Resolución da Alcaldía de data 17 de xuño de 2011, co fin de acadar unha mellor distribución e atención directa polos concelleiros das diferentes áreas e departamentos e municipais.

Considerando que os/as Concellerios/as delegados/as constitúen un órgano de goberno complementario da organización, sinalando o artigo 43 (e seguintes) do ROF os termos das delegacións ao distinguir entre delegacións xenéricas e especiais. É dicir, por un lado o Alcalde pode efectuar decreto de delegacións xenéricas de unha ou varias áreas a favor dos membros da Xunta de Goberno Local, e por outro lado, o Alcalde, tamén por decreto, pode efectuar delegacións especiais en calquera concelleiro/a para a dirección e xestión dos servizos correspondentes: